

**Unhas notas, unhas observacións:
modestísima homenaxe a Tomás Barros**

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2012 [1987]). “Unhas notas, unhas observacións: modestísima homenaxe a Tomás Barros”. *Nordés*: 13 (II Data), 28. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1860>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1987). “Unhas notas, unhas observacións: modestísima homenaxe a Tomás Barros”. *Nordés*: 13 (II Data), 28.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UNHAS NOTAS, UNHAS OBSERVACIÓNS: MODESTÍSIMA HOMENAXE A TOMÁS BARROS

XESÚS ALONSO MONTERO

O título do seu único libro en galego, *Berro diante da morte*, de 1964, non é artificial, «literario», e tampouco figura na portada para «epatar». Non era Tomás Barros, nin como home nin como escritor, un ser «epatante». De feito, pasou pola vida intelectual comedido, mergullado en sí mesmo, lacónico e alleo ás xesticulacións. Realmente, cun pouco máis de xestos a súa obra de poeta estaría hoxe algo máis presente.

Berro diante da morte é un libro onde, aquí e acolá, hai versos «sociais», pero é, sobre todo, o libro dun poeta comprometido cos misterios da existencia e cos conflitos existenciais, temas que teñen suscitado, desde hai séculos, algúns dos grandes poemas da literatura universal.

Poeta serodio en galego (ós 42 anos), *Berro diante da morte* delata, ás veces, o escritor que non está radicalmente instalado nesta lingua para o mester de poetizala. Xa daquela tiña publicados varios importantes volumes en castelán. No seu labor compre termos en conta o seu compromiso co feito poético por outro lado: como un dos animadores fundamentais de dúas valiosas revistas poéticas nosas: «Aturuxo» (1951) e «Nordés» (1975). Dúas foron pois, as súas paixóns espirituais: a poesía e a pintura.

Como poeta galego, Tomás Barros—lacónico no seu existir, home inxesticulante— tivo pouca fortuna na atención dos lectores (e dos antólogos, comentaristas...). Non figura, por exemplo, nunha Escolma, esencial no seu tempo, a de

Fernández del Riego, de 1955 (na que figuran autores daquela aínda sen volume publicado). Puntualicemos que o antólogo faralle xusticia, anos despois (*Do posmodernismo aos novos*, 1980), seleccionando dous poemas do libro de 1964 e outros dous, posteriores, que foran publicados na revista Grial. Figura tamén, con cinco composicións (dúas delas, inéditas), no volume antolóxico de Miguel González Garcés *Poesía gallega de posguerra* (1976).

En 1970 na miña escolma *Os cen mellores poemas da lingua galega*, no capítulo «A morte os mortos» (é a miña unha escolleita por temas, o que atenúa unha miguíña a ousadía do título), reproduzo a composición «Leixádeme os ollos abertos», que hoxe atopo especialmente patética:

Se morro,
leixádeme unha fenestra.
á vida,
inda que seña pequeniña,
e nela os ollos abertos.

Noutra antoloxía miña, recente (*Coroa poética para Rosalía de Castro*, 1985), que consta de 70 poemas, cometín con Barros unha inxusticia ó non ter en conta un poema tan orixinal como «Rosalía no meio do pobo».

Tomás Barros, poeta dos medos, dos misteiros, do conflito existencial e tamén dos problemas da sociedade, non podía estar alleo á voz incisiva e desacougante de Rosalía.